

Mediante Real Decreto 482/2009, do 3 de abril de 2009 (BOE 14-4-09), foron convocadas eleccións de deputados ao Parlamento Europeo que terán lugar o vindeiro día 7 de xuño de 2009. Consonte ao establecido na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, (BOE nº 147 de 20 de xuño) do réxime electoral xeral, no Real decreto 605/1999, do 16 de abril (BOE nº 92, do 17 de abril), de regulación complementaria dos procesos electorais, e na Orde do 25 de maio de 2009, da Consellería de Facenda (DOG nº 104 de 29 de maio) pola que se regula o exercicio dos dereitos electorais do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia, nas eleccións ao Parlamento Europeo; cómpre informar o seguinte en relación co exercicio dos ditos dereitos electorais polo persoal ao servizo das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.

1) Permiso a membros de mesa electoral, interventores/as e apoderados/as.

1.1.- O persoal que teña a condición de membro de mesa electoral, interventor/a ou apoderado/a deberá poñelo en coñecemento do órgano de dirección do centro no que preste servizos con antelación suficiente.

1.2.- O persoal nomeado presidente ou vogal de mesas electorais e os que acrediten a súa condición de interventores/as, teñen dereito durante o día da votación a un permiso retribuído de xornada completa, se non disfrutan en tal data do descanso semanal, e a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior, segundo os artigos 28.1º e 78.4º da Lei orgánica do réxime electoral xeral, e a disposición segunda da citada Orde de 25 de maio de 2009, da Consellería de Facenda.



No caso de que algunha ou algún dos traballadores a que se refire o parágrafo anterior tivese que prestar servizos en quenda de noite na data inmediatamente anterior á de votación, mudaráselle a dita quenda, co obxecto de que poida descansar esa noite.

De todos os xeitos, dado que o día da votación comeza ás 00 horas do día 7 de xuño, ao persoal que solicite o permiso en lugar do cambio de quenda da noite inmediatamente anterior, autorizaráselle aquel con efectos dende as 22 horas do día anterior. Nos mesmos termos, deberá facilitarse o cambio de quenda de noite ou ben o permiso aos suplentes que acrediten a súa asistencia á constitución da mesa.

1.3.- Os que acrediten a súa condición de apoderados/as teñen dereito a un permiso retribuído durante o día da votación, se non disfrutan nese día de descanso semanal.

2) Permiso o día da votación.

2.1.- O persoal do Servizo Galego de Saúde que no día das eleccións non disfrute do seu descanso semanal, terá dereito a un permiso retribuído de ata catro horas libres para exercer o seu dereito ao voto, sempre que a súa quenda de traballo o 7 de maio coincida, polo menos en catro horas, co tempo no que permanecerán abertas as mesas electorais, consonte co disposto no artigo 13.5 do Real decreto 605/1999 e a disposición primeira da Orde de 25 de maio antes citada. Cando a prestación do servizo se faga en xornada reducida, este permiso reducirase proporcionalmente á mesma.

2.3.- As/os directoras/es ou xefas/es de persoal dos centros onde presten os seus servizos, esixiranlle ao persoal eiquí comprendido, os



oportunos xustificantes, expedidos polas mesas electorais, de ter exercido o seu dereito ao voto.

Santiago de Compostela, 01 de xuño de 2009

A directora de Recursos Humanos



Esperanza Fernández Lago



Xerencias de Atención Primaria e Especializada
Área Sanitaria de Ferrol
Fundacións/Empresas Públicas Sanitarias.